



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



“Rodando pola cidade de cristal”

Actividade en bicicleta para

Educación Primaria e Secundaria



Desde a Sección de Educación Viaria da Policía Local da Coruña, seguindo as liñas pedagóxicas europeas, estamos a traballar dous obxectivos educativos: a **seguridade viaria e a mobilidade sustentable**, dous contidos inseparables. Este é o enfoque que teñen os países con menor accidentalidade na estrada e maior calidade ambiental.

A mobilidade ten sen dúbida un valor positivo, pero tamén ten unha carga negativa: os accidentes de tráfico e a contaminación; esta última provoca máis de 16.000 mortes prematuras ao ano. Os policía locais estamos especialmente



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



sensibilizados con estes problemas, levamos máis de 30 anos adicando esforzos a educar aos escolares de diferentes idades, cunha visión da Educación Viaria integral, inicial e permanente.

Na procura de que A Coruña se convirta nunha cidade máis amable co medio, máis segura e máis saudable, ofertamos **esta actividade en bicicleta que ten ademais o obxectivo de mesturar a educación viaria e os contidos escolares.**

EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

Actividade para alumnado de

5º e 6º de Primaria e da E.S.O.

OBXECTIVOS:

- Aprender a moverse pola Coruña en bicicleta, iniciando aos nenos e nenas a partir dos 10 anos e convidando a aqueles pais e nais ou outros familiares que nos queiran e poidan acompañar.
- Relacionar unha actividade de educación viaria con contidos do currículo escolar.
- Motivar ás novas xeracións de coruñeses e coruñesas a valorar a nosa contorna e ser máis coidadosos coa nosa cidade e co medio.

ACTIVIDADES:

As actividades para esta idade están organizadas en **2 SESIÓNS:**



Concello da Coruña
Área de Seguridade Cidadá – Policía Local



1ª SESIÓN: As estacións da bicicleta: no ximnasio do centro organízanse tres obradoiros polos que o alumnado ten que ir rotando.

- **Estación de seguridade viaria:** charla impartida por ciclistas da Policía Local.
- **Estación de ergonomía:** impartido por Recyclos e Escola da Bici.
- **Estación de mecánica:** impartido por técnicos de BiciCoruña.

2ª SESIÓN: Saídas en bicicleta:

As saídas en bicicleta teñen como obxectivo dar a coñecer lugares emblemáticos da cidade e compartir retringos da historia da nosa cidade mentres visitamos puntos de interese escolar como o Castelo de San Antón, o Paseo Marítimo, o Dique de Abrigo, a Escola de Belas Artes ou o Parque Escultórico da Torre de Hércules entre outros.

TEMPO DE DURACIÓN DAS ACTIVIDADES:

- 1ª Sesión “Estacións de bicicleta”: 1h30.
- 2ª Sesión “Saída temática en bicicleta”: unha mañá.

RECURSOS:

- Proxector e reprodutor de vídeo.
- Ximnasio do centro educativo.